



DATOS IDENTIFICATIVOS

Lingua: Lingua A2, I: Expresión escrita e oral: Español

| | | | | |
|-----------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------|-------|--------------|
| Materia | Lingua: Lingua A2, I: Expresión escrita e oral: Español | | | |
| Código | V01G230V01202 | | | |
| Titulación | Grao en Tradución e Interpretación | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 6 | FB | 1 | 2c |
| Lingua de impartición | Castelán | | | |
| Departamento | Lingua española | | | |
| Coordinador/a | Anaya Revuelta, Inmaculada | | | |
| Profesorado | Anaya Revuelta, Inmaculada | | | |
| Correo-e | ianaya@uvigo.es | | | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | A materia revisa en profundidade e reforza os coñecementos que posúen os discentes dunha das súas linguas maternas, o español. Ademais, a materia incide na aplicación práctica da norma académica adaptada á construción de discursos orais e escritos de carácter formal en contextos comunicativos diversos. | | | |

Competencias

| | |
|--------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Código | |
| A1 | Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo. |
| A2 | Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo. |
| A3 | Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética. |
| A4 | Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado. |
| A5 | Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía. |
| C3 | Dominio da lingua propia, escrita e oral |
| C4 | Coñecer norma e usos das linguas de traballo |
| C10 | Capacidade de traballo en equipo |
| C18 | Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica |
| D1 | Comunicación oral e escrita na lingua propia. Prestarase especial atención ao coñecemento e correcto uso das 2 linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia |
| D7 | Toma de decisións |
| D12 | Traballo en equipo |
| D18 | Creatividade |
| D23 | Capacidade de traballo individual |

Resultados de aprendizaxe

| | | | |
|-------------------------------------------------------------------|---------------------------------------|----|-----|
| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe | | |
| Desenvolver as habilidades de comprensión e de expresión escrita. | A1 | C4 | D1 |
| | A4 | | |
| Ampliar o repertorio léxico e textual na lingua materna español. | A1 | C3 | D23 |

| | | | |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----|------------|-----------|
| Fomentar a aplicación práctica dos coñecementos gramaticais, léxicos e culturais á análise, creación e revisión de todo tipo de textos. | A2 | C10 C18 | D1 D18 |
| Capacitar aos alumnos para analizar, sintetizar e extraer de forma crítica a información principal e secundaria dunha manifestación discursiva oral ou escrita e poñela en común. | A3 | C18 | D7 D12 |
| Proporcionarlle a información e ferramentas necesarias ao discente para que manexe con soltura os recursos bibliográficos de calidade que contribúan a un óptimo desenvolvemento das actividades profesionais de corrección, tradución e interpretación textual. | A5 | | |

Contidos

| Tema | |
|-----------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Tema 1. Conceptos básicos sobre corrección lingüística. | 1.1. Norma e uso 1.2. A corrección e a norma lingüística 1.3. Situación actual |
| Tema 2. O dicionario como ferramenta de consulta sobre a norma e o uso do español | 2.1. Concepto e caracterización 2.2. Tipos e contido 2.3. As funcións dos dicionarios |
| Tema 3. A elaboración dun texto: organización e redacción | 3.1. Discurso oral / discurso escrito 3.2. Fases na elaboración dun texto 3.3. Niveis de construción |
| Tema 4. A comunicación oral | 4.1. O ensino do discurso oral 4.2. Elementos da comunicación oral 4.3. Claves para falar en público |
| Tema 5. Tipos de intervencións orais | 5.1. O debate 5.2. A presentación 5.3. O discurso |

Planificación

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|-----------------------------------------------------------|---------------|--------------------|--------------|
| Actividades introdutorias | 2 | 3 | 5 |
| Sesión maxistral | 18 | 45 | 63 |
| Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma | 14 | 21 | 35 |
| Presentacións/exposicións | 6 | 18 | 24 |
| Debates | 2 | 0 | 2 |
| Traballos de aula | 4 | 8 | 12 |
| Traballos e proxectos | 2 | 7 | 9 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

| | Descrición |
|-----------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Actividades introdutorias | Actividade introdutoria. Durante a primeira sesión buscarase recoller información sobre os coñecementos de partida, os intereses e as motivacións dos discentes. |
| Sesión maxistral | Actividade teórica. Consiste na exposición dos contidos xerais da materia co obxectivo de comunicar coñecementos e metodoloxías de análise. As explicacións estarán ordenadas e ben estruturadas e contarán con exemplos claros que aseguren a comprensión dos contidos. Ocasionalmente poderán estar apoiadas por presentacións. |
| Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma | Formularanse na aula ou a través da plataforma TEMA unha serie de problemas e exercicios relacionados coa materia traballada nas clases. O obxectivo é reflexionar e relacionar teoría e práctica. Tamén constitúe unha actividade básica para reforzar os coñecementos que se van adquirindo. |
| Presentacións/exposicións | Actividade práctica. O profesor da materia dará unhas indicacións xerais sobre a forma axeitada de realizar unha presentación oral. A partir destas explicacións esta liña metodolóxica irá orientada aos discentes. O seguinte paso consistirá na exposición oral (en grupos) por parte dos alumnos dun tema concreto de carácter lingüístico que se escollerá entre os temas da materia e que terá que presentarse ao resto dos compañeiros. |
| Debates | Actividade práctica. O alumnado realizará a defensa oral dunha postura en relación a o tema elixido. A profesora dará unhas indicacións sobre a forma axeitada de realizar un debate. |
| Traballos de aula | Actividade práctica orientada na aula polo docente. Aínda que o alumnado poderá traballar de forma autónoma na materia, estes traballos de aula terán como obxectivo a proposta de certas actividades que se desenvolverán coa colaboración de alumnos e docente durante catro sesións presenciais dunha hora cada unha. |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|--------------|------------|
|--------------|------------|

| | |
|-----------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Traballos de aula | Para a realización de traballos ou proxectos, así como para a resolución de exercicios e problemas propostos na aula, o docente reservará un tempo de atención personalizada co fin de atender e resolver as dúbidas do alumnado. Por ese motivo, recoméndase a consulta individual ou en pequenos grupos nas titorías, ben nas previamente marcadas polo horario oficial do docente, ben nas concertadas entre docente e discentes. |
| Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma | Para a realización de traballos ou proxectos, así como para a resolución de exercicios e problemas propostos na aula, o docente reservará un tempo de atención personalizada co fin de atender e resolver as dúbidas do alumnado. Por ese motivo, recoméndase a consulta individual ou en pequenos grupos nas titorías, ben nas previamente marcadas polo horario oficial do docente, ben nas concertadas entre docente e discentes. |
| Probas | Descrición |
| Traballos e proxectos | Para a realización de traballos ou proxectos, así como para a resolución de exercicios e problemas propostos na aula, o docente reservará un tempo de atención personalizada co fin de atender e resolver as dúbidas do alumnado. Por ese motivo, recoméndase a consulta individual ou en pequenos grupos nas titorías, ben nas previamente marcadas polo horario oficial do docente, ben nas concertadas entre docente e discentes. |

Avaliación

| | Descrición | Cualificación | Resultados de Formación e Aprendizaxe | | |
|---------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------|---------------------------------------|------------------------|------------------------|
| Presentacións/exposicións | Consistirá na presentación oral dun tema por parte do alumnado (en grupo de 3 ou 4 persoas). O obxectivo é avaliar a competencia oral dos discentes nun contexto formal. A proba do discurso oral será realizada polo alumnado de forma individual. | 45 | A2 A4 | C3 C10 C18 | D12 D18 D23 |
| Debates | Consistirá na participación do alumnado, por grupos, na discusión de diferentes temas. Os temas serán elixidos na aula, co axuda da profesora. Cada grupo terá a posibilidade de discutir sobre o tema desde dúas perspectivas diferentes. | 15 | A3 A4 | C3 C4 C10 C18 | D1 D7 D12 D18 |
| Traballos e proxectos | Consistirá na elaboración de prácticas propostas en clase (resumo de artigos, valoración crítica dunha obra literaria, etc.) no que se avaliará a competencia do alumnado no relativo ao dominio das técnicas e mecanismos de síntese e redacción dun texto. | 40 | A1 A2 A3 A4 A5 | C3 C4 C18 | D1 D7 D12 D23 |

Outros comentarios sobre a Avaliación

Ao inicio do curso, o alumnado deberá indicarlle ao docente a forma de avaliación pola que optan, é dicir, avaliación continua (asistencia regular, traballos de aula, presentacións, proxectos, probas, etc.) ou avaliación única (o exame terá lugar na última semana de clase). Os discentes que se acollan ao sistema de avaliación única realizarán un exame no que terán cabida cuestións teóricas e prácticas. O alumnado que opte pola avaliación continua e que non supere a materia ao final do cuadrimestre poderán presentarse á convocatoria oficial de xullo e ás sucesivas convocatorias, nas que non se gardarán as cualificacións obtidas a través das probas, actividades e traballos realizados ao longo do curso. O estudantado Erasmus poderá realizar as probas coa axuda dun dicionario. O exame de xullo constará dunha parte teórica e unha parte práctica. Tanto nas probas coma no resto dos exercicios propostos ao longo do curso penalizaranse os erros ortográficos, os erros na expresión, as incoherencias sintácticas, etc.; se durante a corrección de actividades e traballos se detecta copia ou plaxio, os referidos traballos non se valorarán.

Bibliografía. Fontes de información

del Valle, José (ed.), **La lengua ¿patria común?**, Madrid: Iberoamericana- Frankfurt am Main: Vervuert, BIBLIOGRAFÍA BÁSICA,
 Real Academia Española, **Ortografía de la lengua española**, Madrid, Espasa,
 Real Academia Española, **Diccionario panhispánico de dudas**, Madrid, Santillana,
 Real Academia Española y Asociación de Academias de la Lengua Española, **Nueva gramática de la lengua española**, Madrid: Espasa,
 BIBLIOGRAFÍA COMPLEMENTARIA,
 Cassany, Daniel, **La cocina de la escritura**, Barcelona: Anagrama,
 Leonardo Gómez Torrego. coord., **Número monográfico dedicado a la norma. Español Actual**, Arco/Libros,
 Estrella Montolío coord., **Manual de escritura académica y profesional. Estrategias discursivas**, Ariel,

Ao longo do curso indicaranse outras lecturas específicas.

Recomendacións**Materias que continúan o temario**

Lingua A2, II: Introducción ás linguas de especialización: Español/V01G230V01402
